**CORRELINGUA 2019**
*O galego é a fórmula*

## BASES PARA O CONCURSO DE ELABORACIÓN DO MANIFESTO

**1.** Pode participar todo o alumnado de ESO e Bacharelato menor de 20 anos, de calquera centro de Galiza.

**2.** A participación no concurso será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferibelmente para UNHA aula completa (como máximo 25 alumnas e alumnos).

**3.** O manifesto deberá estar de acordo cos **OBXECTIVOS** xenéricos do Correlingua, que son:

- Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.
- Sensibilizar a sociedade, a través da poboación infantil, da importancia da defensa da lingua galega.
- Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas, amenas e interdisciplinares.
- Contribuír a manter vivo o maior patrimonio creado polas galegas e os galegos e implicar as xeracións máis novas no cumprimento deste obxectivo.

**4.** A extensión do manifesto será dun máximo de 500 palabras e deberá desenvolver total ou parcialmente a idea do lema da edición 2019: **o galego é a fórmula,** inspirado na necesidade de que o galego estea presente en todas as materias do ensino, tamén nas do ámbito científico.

**5.** Os centros deberán formalizar a inscrición a través do formulario activo na páxina web: http://correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscricion-no-manifesto/ **antes do día 1 de febreiro de 2019**. Nesa inscrición farase constar o número de persoas que compón o grupo e tamén a etapa educativa. O texto do manifesto deberá ser enviado antes do **15 de febreiro** de 2019 por correo electrónico a **correlingua@gmail.com** ou por ordinario a:

CORRELINGUA

Avenida de Lugo, 2A, entresollado A

15702- Santiago de Compostela.

O envío farase **con pseudónimo do grupo**. Ademais, nun documento anexo deberán facilitarse os seguintes datos:

- nome de todos os compoñentes do grupo.
- curso e centro escolar a que pertencen.
- teléfono de contacto.

**6.-** O xuri estará composto por cinco persoas propostas pola Comisión Organizadora. Os membros do xurado non poderán ter relación cos centros escolares participantes. A decisión do xurado será inapelábel.

**7.** O premio para o grupo gañador consistirá nunha viaxe e un diploma acreditativo para o grupo que será entregado nun acto público.

**8.** O traballo do grupo gañador será lido en todas as festas finais do Correlingua 2019.

**9.** Os traballos que non resulten premiados poderán ser publicados na páxina web do Correlingua.

**10.** Os traballos participantes poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua. Para estes efectos os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.

**11.** A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

**Correlingua**
www.correlingua.gal
**Facebook, Instagram: Correlingua**
Avenida de Lugo 2A, entresollado A
15702- Santiago de Compostela
tlf: 698180557